



**Maurilio Pérez González / Estrella Pérez Rodríguez (coords.) (2011): *Influencias léxicas de otras lenguas en el latín medieval. Influences lexicales d'autres langues sur le latin médiéval. Lexical Influences of Other Languages on Medieval Latin*. León-Valladolid: Universidad de León-Universidad de Valladolid, 365 pp.**

ENTRE OS DÍAS 1 e 3 de xuño de 2010 celebrouse en León o *IV Coloquio Internacional de Lexicografía Latina Medieval*<sup>1</sup> coa participación dun prestixioso elenco de estudosos da lexicografía medieval de trece países europeos. A organización do coloquio correspondeu aos profesores M. Pérez González, da Universidade de León, e E. Pérez Rodríguez, da Universidade de Valladolid. Ambos son os directores do activo proxecto *Lexicon Latinitatis Medii Aevi Castellae et Legionis (s. VIII-1230) (LELMACEL)*<sup>2</sup>, o que explica en boa medida o interesante tema da reunión, as influencias léxicas doutras linguas no latín medieval, e a especial atención prestada ao que o propio M. Pérez definiu acertadamente como “latín medieval diplomático”<sup>3</sup>. Os dezanove traballos alí presentados ofrécese agora neste coidado volume ao amplo público interesado.

É no ámbito do léxico onde se producen interferencias máis claras entre as linguas que conviven. Así pois, o latín durante a Idade Media, a pesar de ser unha lingua de escola, de cultura e principalmente de escritura, foi tamén permeable ás influencias léxicas das diferentes linguas vernáculos coas que está en continua convivencia e interrelación. Evidentemente, o grao de influxos que queda recollido nos textos será maior ou menor, dependendo do tipo de texto e do seu nivel de lingua. Polo que ás rexións da Romania se refire, hai unha interdependencia natural e necesaria entre as linguas romances, xa cada vez máis diferenciadas, cando menos a nivel oral, e a lingua nai, e tamén aquelas deixan a súa pegada nesta, sobre todo nos textos máis dados a permitir a entrada da lingua vulgar, como son os textos diplomáticos. Pär Larson (investigador do *Istituto per l’Opera del Vocabolario Italiano*, Florencia) estuda en “La componente volgare nel latino medievale d’Italia (interferenze tra latino e volgare nella Toscana medievale)”, pp. 79-93, os “vulgarismos léxicos” presentes en varios documentos toscanos dos séculos X-XII. Algúns son vulgarismos entendidos como necesarios, porque permiten identificar con máis claridade e precisión aquilo que se denomina, e son principalmente os que teñen que ver con nomes propios de lugares ou de persoas. Outros son termos

<sup>1</sup> O primeiro Coloquio celebrouse en París baixo o título *La lexicographie du latin médiéval et ses rapports avec les recherches actuelles sur la civilisation du Moyen Âge* (publicación en París: CNRS, 1981). O segundo tivo lugar en Barcelona co título *La creación de palabras en el latín medieval* (publicación no volume 63 da revista *ALMA*, 2005). O terceiro convocouse en Praga para tratar sobre *Das Wörterbuch als Inspiration* (publicación nos volumes 130 e 131 da revista *Listy Filologické / Folia Philologica*, 2007 e 2008).

<sup>2</sup> Véxase a páxina web do proxecto: <http://www3.unileon.es/grupos/lexicon>.

<sup>3</sup> M. Pérez González (2008): “El latín medieval diplomático”, *ALMA* 66, pp. 47-101.

cotiáns que acaba deixando nos diplomas a lingua na que o escriba pensa e fala, ben como substitutos, ben como aclaración dos termos equivalentes latinos.

Cando os vulgarismos teñen unha procedencia distinta do latín ou cando, tendo orixe latina, supoñen novos valores semánticos, resulta nalgúns casos difícil poder establecer se estamos ante préstamos das linguas románicas ao latín ou se os neoloxismos se producen xa no latín e de aí pasan ás linguas romances. É o que ocorre co vocábulo *planus* estudado por Bruno Bon (membro do *Comité Du Cange*, París) en “L’influence des langues romanes sur le latin médiéval: l’exemple de *planus*”, pp. 21-32. En textos latinos do norte de Francia dos séculos IX-XII ese adxectivo adquire ás veces o novo significado de “desprovisto de árbores”. Ese mesmo significado teno igualmente o termo equivalente francés *plain*. En cal das dúas linguas se produciu primeiro tal neoloxismo semántico?

O coordinador do volume, M. Pérez González (“Leonesismos rurales en el latín medieval diplomático de Asturias y León”, pp. 181-204), estuda os leonesismos propios da vida rural presentes na documentación asturleonese obxecto do *LELMACEL*, que deixan ver con claridade o nivel de penetración da lingua falada no latín dos diplomas. Unha decena dos vocábulos analizados comporta peculiaridades (gráfico)fonéticas: *bagus*, *barzia*, *bimada*, *corredoria*, *inbelga*, *lauoria*, *lomba*, *mandadoria*, *muria*, *plano*. Outros vinte son neoloxismos léxico-semánticos en palabras de orixe latina (a maioría), prerrománica ou, posiblemente nalgún caso, árabe (varios deles perduran no leonés actual): *adil(e)*, *auseto*, *baraganna*, *bracolo*, *campa*, *carozal*, *cauada*, *cauen(e)*, *cieuo*, *coieta*, *empruno*, *eruedo*, *fociles*, *ganza*, *mostalia*, *oxa-usa*, *pazones*, *pregancias*, *reluar*, *sardon*. Tamén a outra coordinadora do volume, E. Pérez Rodríguez, utiliza o mesmo *corpus* documental para o seu traballo “Tensión entre latín y romance en el latín medieval diplomático asturleonés (s. VIII-1230): el caso de *quomodo*”, pp. 205-236. Describe con detalle a frecuencia de uso, a distribución cronolóxica e, sobre todo, os distintos valores gramaticais da palabra *quomodo*. A principal conclusión é que estamos ante un sistema sintáctico claramente distinto do latín clásico, no que aos valores tradicionais se engaden varios novos, e que a forte interrelación entre o latín e o romance xoga un papel importante na configuración dese novo sistema.

Insiste na interacción entre a lingua de escritura e a lingua vulgar a contribución de Thomas Städtler (director do proxecto *Dictionnaire Étymologique de l’Ancien Français*, Heidelberg), autor de “...Y se fecundaron mutuamente. Observaciones sobre las interferencias entre el latín medieval y el francés medieval”, pp. 299-317. Analiza unha selección de 52 neoloxismos presentes na colección de 200 documentos de carácter xurídico da rexión de Picardía dos séculos XI-XIII publicados por Robert Fossier<sup>4</sup>. Nesa escolma hai palabras latinas con sufixos franceses, palabras francesas con sufixos latinos, xermanismos introducidos no texto latino a través do francés, ou palabras francesas utilizadas sen ningún disface latino, pero non presentadas como vulgares. No campo do vocabulario xurídico parece haber

<sup>4</sup> R. Fossier (1974): *Chartes de coutume en Picardie: XIe-XIIIe siècle*. París: Bibliothèque Nationale.

un fondo común, que pode ser utilizado nunha lingua ou noutra, producindo entre ambas as linguas interferencias continuas.

As linguas xermánicas conviviron como adstrato co latín nas rexións románicas invadidas polos pobos xermánicos e desde os primeiros momentos desa convivencia deixaron na lingua de Roma abundantes préstamos léxicos. Desde o latín e, sen dúbida, tamén directamente desde as propias linguas xermánicas moitos deses préstamos pasaron ás linguas romances, e algúns deles volveron incorporarse ao latín escrito a partir das formas xa romanizadas. Outra vía de influencia mutua foi a que se produciu nos territorios de lingua xermánica, onde o latín como lingua culta dos textos escritos acolleu tamén novos préstamos vernáculos, cando os escribas recorren a eles por descoñecemento dos vocábulos correspondentes latinos ou por non existir en latín léxico equivalente, específico e preciso. Isto último vale igualmente para calquera outra lingua da Europa medieval que convive no seu territorio de fala co latín escrito, como pode ser o caso de linguas eslavas ou de linguas célticas.

Monica Niederer (membro da *Kommission für die Herausgabe eines mittellateinischen Wörterbuches*, Múnic), estuda en “Germanic borrowings of the type *guerra/werra* in the *Mittellateinisches Wörterbuch (MLW)*”, pp. 161-174, a ampla e produtiva familia de préstamos xermánicos que comezan coa semivogal bilabial /w/. Pon en evidencia tres aspectos principais: a existencia de variantes diversas para representar ese fonema en latín, dependendo xeralmente do lugar e do momento (*w-/uu-/u-/gu-/g-*); os problemas que tales variantes gráficas supoñen para a lematización nun dicionario; e a xa comentada dificultade de establecer en moitos casos se a vía de chegada ao latín se produce directamente ou por mediación do romance. Complemento do traballo anterior é o de Mechthild Pörnbacher (membro igualmente da *Kommission MLW*): “Les germanismes en latin médiéval. Emprunts et adaptation et leurs problèmes lexicographiques”, pp. 237-249. Ofrece unha presentación global da información que se pode sacar da análise das letras A-E do *MLW*: case un 45% das entradas son neoloxismos medievais; nas letras D-E un 11% dos neoloxismos deriva das linguas vulgares, principalmente do francés, o italiano e, en menor medida, dalgunha lingua xermánica (ao redor dun 5%). Na parte final do artigo inclúese a descrición dalgúns exemplos de neoloxismos léxicos e semánticos do antigo alemán en textos latinos dos séculos XII e XIII.

Da influencia recíproca entre lingua vernácula e latín en textos suecos da Baixa Idade Media trata Eva Odelman (directora do *Glossarium till medeltidslatinet i Sverige*, Estocolmo) en “Latin et suédois en interaction. Nouveaux exemples”, pp. 175-180. As conclusións van no mesmo sentido do xa comentado: o sueco presta ao latín principalmente vocabulario técnico para o que é difícil encontrar equivalencia na lingua do Lacio, provoca novos significados en palabras latinas, e inflúe nalgunhas estruturas sintácticas latinas, especialmente preposicionais. Varias estruturas fraseolóxicas presentes en textos xurídicos copiados en latín na Polonia medieval, que se supón que son debidos a calcos de expresións similares en antigo polaco, son o obxecto de estudo do traballo de Michal Rzepiela (director do *Lexicon Mediae et Infimae Latinitatis Polonorum, Cracovia*): “La phaséologie juridique dans les

textes médiévaux: l'influence du polonais", pp. 267-276. Xa se fixo notar, non obstante, no propio Coloquio que algunhas das estruturas descritas non son exclusivas dos textos polacos, senón que aparecen tamén en textos latinos redactados en Suecia, Inglaterra ou Francia. Calcos de expresións ou de palabras propias da lingua checa en textos latinos, sobre todo de carácter xurídico, son os que analiza Zuzana Silagiová (directora do *Latinitatis Medii Aevi Lexicon Bohemorum*, Praga): "Spuren des Tschechischen in lateinischen Texten böhmischer Provenienz: Lehnübersetzungen", pp. 277-297. Algúns deses calcos supoñen neoloxismos xenuinamente latinos baseados en imitación de formas de derivación, outros son neoloxismos semánticos en palabras latinas xa existentes, outros consisten en simple transcripción de palabras checas.

Diferente é o caso da lingua celta presentado por Anthony Harvey (editor do *Dictionary of Medieval Latin from Celtic Sources*, Dublín): "Lexical influences on the Medieval Latin of the Celts", pp. 65-77. Os escritores de lingua nai celta, que aprenden tamén o latín como lingua culta da relixión cristiá, amosan unha gran capacidade creativa para suplir as súas carencias de léxico latino: crean novas palabras latinas a partir das coñecidas, dan novos significados a esas palabras que coñecen, ou incorporan ao vocabulario latino palabras derivadas do grego ou do hebreo que aprenden en glosarios baseados na Biblia ou na obra dos eséxetas Pais da Igrexa. Utilizan, en cambio, moi pouco a súa propia lingua para ese xogo creativo; a contribución da lingua celta queda limitada case exclusivamente a algúns termos técnicos moi precisos. Semella que non se quere contaminar a lingua sagrada que é o latín con elementos dunha lingua "vulgar".

As tres *linguae sacrae* da Igrexa medieval eran o hebreo, o grego e o latín. As dúas primeiras deixan a súa influencia léxica no latín grazas principalmente, como se acaba de mencionar, á axuda de glosarios. O que se busca é conferir ao texto latino un maior adorno, brillo e preciosismo, aínda que os resultados non sempre sexan totalmente correctos. Peter Stotz (Profesor emérito do *Mittellateinisches Seminar*, Zürich), estuda con gran detalle en "Ornamentales Griechisch im mittelalterlichen Latein", pp. 319-343, o papel do grego, examinando un amplo catálogo de palabras gregas presentes en 14 textos latinos dos séculos IX-XII. Falta, en cambio, no volume un traballo similar ao de Stotz para o hebreo, non só como lingua sagrada ornamental, senón tamén, neste caso, como lingua falada que conviviu co latín e coas linguas vernáculas na Europa medieval, especialmente na Península Ibérica.

Non cabe dúbida de que na Península xoga un papel moi importante a lingua dos árabes, que, como lingua dos conquistadores, estivo tantos anos da Idade Media en diálogo interactivo coas outras linguas aquí utilizadas. É lóxico, pois, que o estudo da influencia da lingua árabe no latín medieval peninsular ocupe un lugar preferente no Coloquio: Pascual Martínez Sopena (membro de *LELMACEL*), "*Atiba y alfetena*. Arabismos, sociedad y coyuntura en el reino de León alrededor del año 1000", pp. 95-107; Juan Francisco Mesa Sanz (director do proxecto *Corpus Documentale Latinum Valencie*, Alicante), "*Raphalli et alcherriae, barracae sive patua*. Términos de habitación humana en el latín medieval del reino de

Valencia”, pp. 109-135; Alberto Montaner Frutos (miembro de *LELMACEL*), “L’intégration des emprunts arabes en latin médiévale (d’après la documentation léonaise)”, pp. 137-160; Carlos Manuel Reglero de la Fuente (miembro de *LELMACEL*), “Algunos arabismos de la documentación asturleonés relacionados con la descripción del espacio: *alfoz*, *aldea*, *alcázar* y *almunia*”, pp. 251-266. Os contactos cada vez máis frecuentes, directos e vívidos con realidades de al-Andalus, hexemónicas nalgúns ámbitos, favorecen a introdución nos textos latinos de neoloxismos derivados da lingua árabe, necesarios para mencionar novas cousas ou oportunos para aludir de forma máis precisa a cousas xa coñecidas. O grao de penetración, difusión e consolidación deses préstamos árabes pode ser definido a partir da análise exhaustiva dos datos que ofrecen os distintos textos conservados sobre frecuencia de uso de tales neoloxismos e sobre a súa distribución xeográfica e cronolóxica. Os arabismos pertencentes ao campo semántico das relacións sociais, *atiba* (“especie de mediación xudicial”) e *alfetema* (“conflito civil”), parece que responden a momentos e feitos históricos conxunturais dos primeiros anos do século XI no reino de León. No ámbito semántico do “espazo” e da “habitación” é evidente, en cambio, que os préstamos foron máis abundantes, frecuentes e estables (aínda que se aprecian diferenzas segundo rexións e momentos). A partir da análise dos contextos en que aparece cada palabra pódense establecer as características de tamaño, situación, calidade, elementos integrantes, etc., que diferencian os distintos termos estudados: *alfoz*, territorio ou vila dependente dun castelo, cuxo *dominus* exerce a xurisdición e a fiscalidade rexias; *aldea*, núcleo de poboación sinónimo de *uilla*, pero de menor tamaño; *alcazar*, *castellum* emprazado en zona urbana; *almunia*, espazo con árbores froiteiras e vivenda. O traballo de Montaner aborda aspectos máis xenéricos sobre os préstamos árabes: distribución por tipo de textos, grao de integración gramatical dentro do latín, interferencias entre o oral e o escrito. Os neoloxismos procedentes do árabe non xogan un papel ornamental como elementos exóticos, senón que responden a un obxectivo útil e práctico de precisión ao referirse a unha realidade circundante; de aí que sexan moito menos frecuentes no latín literario que no latín documental.

Orixe árabe teñen igualmente dous neoloxismos (os que cito en primeiro lugar) dos cinco que analiza Ana Gómez Rabal (redactora do *Glossarium Mediae Latinitatis Cataloniae*, Barcelona) en “Latinización constatada. Dudas y dificultades en el *Glossarium Mediae Latinitatis Cataloniae*”, pp. 49-63. Esas cinco palabras adaptadas ao latín mediante clara interacción da lingua catalá están tomadas da colección de 30 documentos ilderenses editados a mediados do século pasado por Pedro Sanahuja<sup>5</sup> e son as seguintes: *alfanec*, *beraga*, *armeli*, *austurino*, *broca*. Serven de exemplo ilustrativo das dificultades ás que se enfrenta un lexicógrafo, cando traballa cunha documentación de historia complicada e con edicións non sempre fiables, o que obriga a tomar os datos extraídos con suma reserva e a buscar confrontación e constatación, se é posible, noutras fontes de información.

<sup>5</sup> P. Sanahuja (1961): *Historia de la villa de Áger*. Barcelona: Seráfica.

Non se cingue estritamente ao tema principal do Coloquio o traballo de José Manuel Díaz de Bustamante (membro do proxecto *LELMACEL* e do proxecto *Corpus Documentale Latini-um Gallaeciae*, Santiago de Compostela): “Aspectos léxicos de las cautelas y de lo cautelar en el latín medieval diplomático del reino de León y Galicia”, pp. 33-48. Ofrece, non obstante, un detallado e interesante estudo sobre o léxico específico e as principais estruturas sintácticas que interveñen nas “fórmulas cautelares” que se poden ler nos case 25.000 diplomas analizados, redactados durante os séculos VIII-XIII nos territorios do antigo reino de León e Galicia.

A ordenación dos traballos no volume faise por orde alfabética do apelido dos autores. É, pois, a casualidade a que fai que moi oportunamente peche o conxunto a contribución de Paul Tombeur (director do Centro *Traditio Litterarum Occidentalium*, Turnhout): “*Vt ita dicam et similia. Vulgarismes et néologismes*”, pp. 345-365. Tomando como referencia a análise no corpus do latín medieval da rexión de Bélxica dos primeiros testemuños da palabra *Walloon*, das diferentes denominacións das linguas usadas durante a Idade Media nesa parte de Europa, e dalgún outro neoloxismo curioso, como *constitura*, o profesor belga presenta unha serie de suxestivas reflexións sobre a lexicografía latina medieval, baseadas na súa longa experiencia neste campo: utilidade das novas ferramentas electrónicas, necesidade de novas lecturas dos manuscritos e de novas edicións que depuren erros e permitan aclarar “palabras fantasma”, necesidade de posta ao día de léxicos e dicionarios, importancia da colaboración internacional.

▲ XOSÉ CARRACEDO FRAGA